

ANEXO VIII. Rexistros

Os datos mínimos que conterán os rexistros mencionados no punto 1 do artigo 27, e que serán remitidos cunha periodicidade quincenal, serán os seguintes:

a) Número e tipos de animais suxeitos a restricción de movementos en virtude do punto 2 do artigo 6.

b) Número e resultados dos exames clínicos e epidemiolóxicos efectuados en aplicación do disposto no punto 2 do artigo 6.

c) Número e resultados dos exames de laboratorio efectuados en aplicación do punto 3 do artigo 6.

d) Número, identidade e orixe dos animais tomados como mostras no contexto dos programas de vixilancia recollidos no anexo II e, cando sexa posible, idade, raza e información anamnésica.

e) O xenotipo da proteína do prión en casos positivos de EET en gando ovino.»

XEFATURA DO ESTADO

6578 *REAL DECRETO LEI 2/2002, do 5 de abril, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar los danos causados polas chuvias torrenciais acaecidas o 31 de marzo de 2002 en Santa Cruz de Tenerife e en San Cristóbal de la Laguna (illa de Tenerife).* («BOE» 83, do 6-4-2002.)

As condicións meteorolóxicas que coincidiron en torno ó arquipélago canario o día 31 de marzo de 2002 produciron un episodio de intensas chuvias, dunha magnitude de imposible predicción, no que chegaron a caer máis de 224 litros de auga por metro cadrado sobre Santa Cruz de Tenerife nun período de menos de dúas horas.

Este fenómeno meteorolóxico adverso provocou inundacións e desbordamentos de regatos na citada capital canaria, que tiveron gravísimas consecuencias, causando vítimas mortais e numerosos feridos, algúns deles de gravidade, así como danos e perdas de diversa natureza en infraestructuras, servicios públicos, vivendas, industria e comercio.

Como consecuencia destas chuvias torrenciais, numerosas familias perderon totalmente as súas vivendas ou encontráronse con que estas están seriamente danadas. Foi necesaria a evacuación a lugares seguros dunha parte da poboación, residente nos barrios máis afectados, e precisa a intervención nalgúns zonas de equipos de rescate, así como incluso de membros das Forzas Armadas. Así mesmo, a tromba de auga ocasionou cortes prolongados da subministración eléctrica, do abastecemento de auga e das liñas telefónicas, a interrupción do tráfico aéreo e portuario e a ameaza de derrubamento dun bo número de edificios públicos e privados. As rúas de Santa Cruz de Tenerife quedaron anegadas polo barro e polas rochas arrastradas desde as montañas pola forza da auga.

Dada a magnitude destes feitos e os seus efectos catastróficos, o Goberno da Nación, en coordinación e

colaboración co resto das administracións públicas afectadas e desde o principio constitucional de solidariedade, asume o compromiso de realiza-lo esforzo que resulte necesario para lograr, no prazo máis breve posible, a total recuperación da normalidade na zona sinistrada, mediante a adopción dun conxunto de medidas que contribúan á reparación dos danos e á rehabilitación dos servicios públicos afectados.

O obxectivo desta norma é aprobar un amplo catálogo de medidas que afectan a varios departamentos ministeriais e abarcan aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen a diminuí-las cargas tributarias, outras, como a concesión de créditos privilexiados, intentan coadjuvar ó logro da normalidade.

Tamén se establecen precisións para lograr que a aplicación das medidas adoptadas se leve a cabo mediante a debida coordinación de actuacións entre os órganos da Administración xeral do Estado, da Comunidade Autónoma e das administracións locais afectadas.

As previsións deste real decreto lei céntranse, ademais, na concesión de axudas persoais e por danos en vivendas, pertenzas e vehículos ós que se lles deu prioridade absoluta, debido á magnitude dos prexuízos producidos ás persoas. A gravidade e a necesidade de atención inmediata ós cidadáns afectados non permiten demora-la percepción das axudas establecidas ata que se efectúe o cálculo dos danos ocasionados nas infraestructuras.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía, e dos ministros de Xustiza, de Facenda, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, da Presidencia, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de abril de 2002,

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos ocasionados polas chuvias torrenciais acaecidas o día 31 de marzo en Santa Cruz de Tenerife e en San Cristóbal de la Laguna (illa de Tenerife).

2. Para os efectos das ditas actuacións reparadoras, entenderanse tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación nos que, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

Artigo 2. *Danos en infraestructuras públicas.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, con obxecto de que os ditos departamentos, os seus organismos autónomos e as entidades públicas dependentes deles poidan levar a cabo as restauracións que procedan.

Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras que terán que executar tales departamentos para repararen os danos causados en infraestructuras de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias.

Artigo 3. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana correspondentes ó exercicio de 2002 que afecten a vivendas, establecementos industriais e mercantís, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa das chuvias torrenciais, cando se acredite que tanto as persoas coma os bens neles instalados tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ó exercicio 2002 ás industrias, establecementos mercantís e profesionais dos que os locais de negocios ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa das chuvias torrenciais, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento o se producisen danos que obriguen ó peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ó tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais ou noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no exercicio dela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2001.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores comprenderán a das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito ós beneficios establecidos nos puntos anteriores, tivesen satisfeitos os recibos correspondentes ó dito exercicio fiscal, poderán pedi-la devolución das cantidades ingresadas.

5. Minorarase na cantidade de 1.000 euros a cota tributaria correspondente ó imposto especial sobre determinados medios de transporte, regulado pola Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, pola primeira matriculación definitiva que se produza en España de vehículos novos ou usados, como consecuencia da adquisición de automóbiles efectuada para substituír outros que tivesen padecido sinistro total por mor das chuvias torrenciais, sempre que se xustifique a súa baixa por tal motivo na Xefatura de Tráfico correspondente e que a dita adquisición se realice no prazo dun ano a partir da data de publicación deste real decreto lei. En ningún caso a redución practicable na cota poderá supera-lo importe dela.

Así mesmo, a tramitación das baixas de vehículos, solicitadas como consecuencia dos danos producidos polas chuvias e temporais, e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de conducción destruídos ou extraviados polas ditas causas non devengarán as taxas correspondentes ós respectivos servizos da Xefatura Central de Tráfico.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que os anteriores puntos deste artigo produzan nas administracións públicas locais canarias será compensada mediante a imputación específica do seu importe con cargo ós recursos derivados do artigo 75 da Lei 23/2001, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2002, atendendo a qué Administración sexa a beneficiaria do rendemento.

7. No marco do réxime especial de comerciantes retallistas do imposto xeral indirecto canario, concédese unha exención á importación de bens cualificados como existencias que teñan por obxecto substituír outros de natureza idéntica destruídos como consecuencia dos efectos das chuvias torrenciais e importados por suxeitos pasivos que teñan a condición de comerciantes reta-

llistas. A destrución das mercadorías que hai que substituír deberá acreditarse por calquera medio admitido en dereito e deberá efectuarse a importación das mercadorías substitutivas antes do 1 de xullo de 2002.

A Administración tributaria canaria poderá solicitar cantos datos e documentación sexan necesarios para lle dar cumprimento a esta exención.

Artigo 4. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos polas chuvias torrenciais, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que se derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo. A autoridade laboral poderá exonerar-lo empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, manténdose a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores serán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo, con base en circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que traian a súa causa inmediata nas chuvias torrenciais, non se compute para efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para teren dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia non incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotizacións á Seguridade Social, correspondentes ós meses de marzo e abril de 2002.

3. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do Instituto Nacional de Emprego a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Artigo 5. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que sexa a súa contía.

2. Para eses mesmos efectos, inclúense, en todo caso, entre as infraestruturas, as hidráulicas, portuarias, costas, estradas, dominio público marítimo-terrestre e, en xeral, calquera que resultase afectado polas chuvias torrenciais.

3. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

4. Na tramitación dos expedientes de contratación non incluídos no artigo 129.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade de terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva non se faga ata a formalización da acta de ocupación.

Artigo 6. *Axudas excepcionais por danos persoais.*

1. Concédense axudas, nos termos que a continuación se dispoñen, para paliar os danos persoais que teñan a súa causa na catástrofe a que este real decreto lei se refire.

2. Axudas por danos persoais:

a) A cantidade que se vai conceder en caso de falecemento ascenderá a 15.000 euros por cada persoa falecida. Idéntica cantidade será concedida nos casos de incapacidade absoluta permanente, cando a dita incapacidade fose causada polos mesmos feitos.

b) Así mesmo, os gastos de hospitalización das persoas afectadas serán aboados sempre e cando non fosen cubertos por ningún sistema público ou privado de asistencia sanitaria.

3. Serán beneficiarios destas axudas a título de vítimas indirectas, no caso de morte e con referencia sempre á data desta, as persoas que reúnan as condicións que se indican a continuación:

a) O cónxuxe do falecido, se non estivese separado legalmente, ou a persoa que estivese convivindo co falecido de forma permanente, con análoga relación de afectividade á de cónxuxe, durante, alomenos, os dous anos anteriores ó momento do falecemento, salvo que tivesen descendencia; neste caso bastará a simple convivencia.

b) Os fillos menores de idade dos falecidos ou das outras persoas a que se refire a alínea a) deste mesmo punto e os maiores de idade se sufriron un prexuízo económico-patrimonial relevante, debidamente acreditado, en relación coa súa situación económica anterior á catástrofe.

c) En defecto das persoas mencionadas anteriormente, serán beneficiarios os pais da persoa falecida, no mesmo suposto de prexuízo económico-patrimonial previsto no punto anterior.

d) En defecto das persoas mencionadas nas alíneas a), b) e c), serán beneficiarios os irmáns da persoa falecida, se acreditan dependencia económica daquela.

4. De concorreren varios beneficiarios a título de vítimas indirectas, a distribución da cantidade a que ascenda a axuda efectuarase da seguinte forma:

a) A cantidade dividirase en dúas metades. Corresponderalle unha ó cónxuxe ou á persoa que estivo convivindo co falecido nos termos da alínea a) do punto anterior. Corresponderálle-la outra metade ós fillos mencionados na alínea b) do punto anterior, e distribuirase entre todos eles por partes iguais.

b) De resultaren beneficiarios os pais do falecido, a cantidade a que ascende a axuda repartirase entre eles por partes iguais.

c) De resultaren beneficiarios os irmáns do falecido, a cantidade a que ascende a axuda repartirase entre eles por partes iguais.

5. As solicitudes para a concesión destas axudas presentaranse no prazo dun mes, contado a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, e serán resoltas polo ministro do Interior no prazo de tres meses.

Artigo 7. *Axudas excepcionais para vivendas, pertenzas e vehículos.*

1. Para a valoración dos danos en vivendas e pertenzas crearase unha comisión técnica mixta, integrada por un representante da Administración xeral do Estado e outro por cada unha das demais administracións públicas afectadas que desexen incorporarse a ela.

2. A Comisión Técnica Mixta realizará unha valoración individualizada dos danos sufridos polos particulares en vivendas e pertenzas, e determinará a axuda que se vai conceder cun límite máximo de 27.500 euros.

3. A valoración dos danos en vehículos será realizada polo Consorcio de Compensación de Seguros e a súa contía alcanzará o valor de reparación deles, e no caso de sinistro total o seu valor venal, cun importe máximo en todo caso de 9.000 euros para automóviles e 3.600 euros para motocicletas e ciclomotores. Para que proceda a indemnización, será requisito indispensable a existencia de seguro obrigatorio, vixente no momento no que se produciron as chuvias torrenciais.

4. O financiamento específico de todas estas axudas será efectuado nun 50 por 100 pola Administración xeral do Estado e o resto polas outras administracións territoriais intervinientes na citada comisión técnica mixta, segundo os acordos que alcancen entre elas.

5. A Administración xeral do Estado fará efectiva a parte que lle corresponda das axudas cando exista constancia do compromiso de pagamento por parte das restantes administracións públicas integrantes da Comisión Técnica Mixta.

Artigo 8. *Réxime especial de aplicación das axudas ordinarias por danos persoais e materiais.*

1. Nos casos de axudas persoais e materiais, previstos nos dous artigos anteriores, non será aplicable o réxime de axudas recollido para estes danos na Orde do Ministerio do Interior do 18 de marzo de 1993, modificada parcialmente pola do 30 de xullo de 1996.

2. As axudas que se concedan en aplicación do previsto nos dous artigos anteriores financiaranse con cargo ós créditos 16.01.223A.482 «Para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia» e 16.01.223A.782 «Para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados, con carácter de ampliáveis, no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 9. *Liñas preferenciais de crédito.*

Instrúese o Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de axencia financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos por importe de 18.030.000,00 euros, que poderá ser ampliada polo Ministerio de Economía en función da avaliación dos danos e da demanda conseguinte, utilizando a mediación das entidades financeiras con implantación na comunidade autónoma afectada, subscribindo con ela os oportunos convenios de colaboración.

Estas liñas de préstamo, que terán como finalidade financiar a reparación ou reposición de instalacións industriais e mercantís, vehículos particulares ou comerciais e locais de traballo de profesionais que se visen danados como consecuencia das chuvias torrenciais,

materializaranse en operacións de préstamo concedidas polas ditas entidades financeiras; as súas características serán:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola delegación ou subdelegación do Goberno da provincia correspondente ou, se é o caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, se é o caso, o importe do crédito que puidesen subscribir con cargo a liñas de crédito preferenciais que se establecerán por iniciativa da Comunidade Autónoma de Canarias.

b) Prazo: o establecido entre as partes, co límite de cinco anos, incluído un de carencia.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do 3 por 100 TAE, cunha marxe máxima de intermediación para elas do 0,75 por 100. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do 3,75 por 100 TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, quen decidirá sobre a concesión do préstamo, sendo ó seu cargo o risco da operación.

e) Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos terminará o 31 de decembro de 2002.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo lévaa a cabo o Instituto de Crédito Oficial, no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta. dous. 2, alínea a), do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira e, na súa virtude, o quebranto que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do 3 por 100, será cuberto con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

Artigo 10. *Comisión interministerial.*

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas establecidas neste real decreto lei, coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e integrada por representantes dos ministerios de Xustiza, de Facenda, do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, da Presidencia, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente e de Economía, así como polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias e o subdelegado do Goberno en Santa Cruz de Tenerife.

2. O seguimento das medidas previstas neste real decreto lei levarao a cabo a comisión a que se refire o punto anterior, en coordinación coas autoridades da comunidade autónoma, a través da delegación e subdelegación do Goberno.

Artigo 11. *Consorcio de Compensación de Seguros.*

O delegado e o subdelegado do Goberno poderán solicitar do Consorcio de Compensación de Seguros, logo de subscripción do oportuno convenio para o efecto, para unha máis correcta avaliación dos danos as correspondentes valoracións deles, sempre que non afecten a bens de titularidade estatal.

Artigo 12. *Convenios con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado poderá celebrar co Goberno da Comunidade Autónoma de Canarias os convenios de colaboración que esixa a aplicación deste real decreto lei.

En particular, no marco das actuacións correspondentes, o Ministerio de Fomento, a través da entidade pública empresarial SEPES, convirá coa Comunidade Autónoma de Canarias o financiamento, ó 50 por 100,

da construción e/ou adquisición de vivendas de protección oficial destinadas a titulares de vivendas situadas en zonas de alto risco que resulten afectadas por medidas que impliquen o seu traslado forzoso. O investimento máximo da entidade pública empresarial será de 2,4 millóns de euros.

Disposición adicional primeira. *Competencias da Comunidade Autónoma de Canarias.*

Este real decreto lei dítase ó amparo da competencia atribuída ó Estado polo artigo 149.1.1.^a da Constitución, sen prexuízo das competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma, ó amparo do seu Estatuto de autonomía.

Disposición adicional segunda. *Límites das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen ser concedidas por outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

Disposición adicional terceira. *Créditos orzamentarios.*

A reparación dos danos nos bens de titularidade estatal financiarase con cargo ós orzamentos dos respectivos departamentos ministeriais; para estes efectos realizaranse as transferencias de crédito que sexan necesarias, sen que resulten de aplicación as limitacións contidas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición adicional cuarta. *Días inhábiles.*

Decláranse inhábiles os días 1 ó 6 de abril, no ámbito territorial dos municipios de Santa Cruz de Tenerife e de San Cristóbal de la Laguna, para toda clase de efectos civís, notariais, mercantís, administrativos, xudiciais e rexistrais.

Os días mencionados serán descontados no cómputo dos prazos establecidos para cada caso; deberanse levar a cabo os actos e dilixencias que neles non puideron ter lugar nos oito días hábiles seguintes ó da publicación deste real decreto lei, sen prexuízo da validez das actuacións e das dilixencias practicadas en día inhábil, se se realizasen con tódolos requisitos legais necesarios.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ